

CURSO 2014-2015

Memoria de dirección

Índice

1. Obxectivos
2. Resultados académicos
 - 2.1. ESO
 - 2.2. Bacharelato
 - 2.3. Educación Secundaria de Adultos
 - 2.4. PCPI(2.º)
3. Rexistro de actividades
4. Avaliación

Vicedirección

1. Coordinación e organización das actividades extraescolares.
2. Transporte.
3. Excursión de fin de curso (Barcelona)
4. Estética do centro

O curso transcorreu con normalidade, sen casos de maior importancia que afectasen á marcha xeral do centro. Producíronse, con todo, poucos episodios de falta disciplina académica dalgúns grupos da ESO que requiriron a intervención de Xefatura de Estudos. O caso máis salientable referido a un profesor foi posto en coñecemento da Inspección Educativa.

Por outra banda, os resultados académicos foron en xeral avaliados satisfactoriamente, aínda que será necesario agardar á convocatoria de setembro para cuantificalos en toda a súa medida. Con todas as súas limitacións, o Programa de Reforzo, Orientación e Apoio surtiu efecto beneficioso nun grupo reducido de alumnos e alumnas que asistiron regularmente.

1 Obxectivos

1. Mellorar a información académica e profesional. Actualización do Plan de Acción Titorial.

Non se chegou a realizar ningún documento de Plan de Acción Titorial, aínda que se avanzou nas liñas xerais para completalo en vindeiros cursos. Comezamos a redacción dunha “Guía docente” con información e documentación para o profesorado dispoñible na Aula Virtual do centro na que seguiremos traballando de cara vindeiros cursos.

No primeiro trimestre, o departamento de Orientación puxo a disposición dos titores da ESO materiais para a sesión semanal. A información académica e profesional priorizouse nos cursos de 4.º ESO e 1.º de Bacharelato, con varias saídas a centros de FP de Ferrol e Campus de Esteiro, así como ao centro de Fene.

2. Revitalizar a Hora de Ler e actualizar o Proxecto Lector.

Presentouse a principios de curso un completo **Plan Anual de Lectura** e avanzouse na elaboración do espazo web da biblioteca na **Aula Virtual**. Malia as dificultades para conformar un Equipo de Biblioteca debido á dispoñibilidade horaria do profesorado, desde a coordinación da biblioteca desenvóléronse as actividades previstas dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia e os Clubs de Lectura.

Á HORA DE LER tamén se lle sumaron as actividades de Cálculo Mental a través do Contratos-Programa impulsado polo departamento de Matemáticas.

Ao final do curso realizouse unha pequena enquisa sobre o funcionamento da biblioteca do que se extraerán medidas de mellora para o vindeiro curso. Por exemplo, a creación de bibliotecas de aula para as que xa se instalaron andeis axeitados nas aulas de 1.º e 2.º ESO.

3. Aproveitar a participación no Erasmus+ na modalidade KA1 de mobilidade escolar para futuras modificación do Proxecto Lingüístico.

Neste curso nomeouse a comisión redactora do Proxecto Lingüístico de Centro. Logo do traballo deste curso, que incluíu a realización de enquisas sobre a situación sociolingüística das familias do alumnado do centro, deberase completar a comezos do vindeiro curso e aprobarse nos órganos de goberno.

Os informes e documentación de cinco profesores do centro no programa de mobilidade europea KA1 – *Preventing Underachievement. Meeting our Students Needs* está recollida na Aula Virtual. En xeral, foi avaliada de forma moi positiva e o seu impacto poderá ser valorado a medio prazo en canto a dous obxectivos marcados: cambios metodolóxicos do profesorado e fomento da aprendizaxe de linguas estranxeiras.

4. Retomar a publicación escolar e, asemade, potenciar outros formatos dixitais (blog, aula virtual Moodle, plataformas educativas, redes sociais...)

A publicación do centro quedou sen editar en papel este curso por non poderse levar a planificación dentro das actividades do EDL. Con todo, traballáronse formatos dixitais para varios proxectos do centro. Por exemplo, realizáronse unha primeiras actividades de gravación de radio. Creáronse blogs como **Mugaros en 4 parroquias** ou a canle de vídeos de varios profesores de ciencias sociais e (PousaSocialSciences) e inglés. A **canle YouTube** do centro pasou este curso dos vinte vídeos producidos pola comunidade educativa do centro.

A **páxina web** foi actualizada con todas as actividades e avisos. Acadou este curso as 18.000 visitas. Asemade mantemos a presenza cotiá nas redes sociais (Facebook).

5. Continuar coas modalidades do Contrato-Programa (PROA e Programa de Mellora para acadar a excelencia) e incorporar, se é posible, a modalidade de Mellora da escritura, a lectura e o cálculo.

Presentamos a solicitude de tres modalidades que foron aprobadas. Na *1a-Programa de Reforzo, Orientación e Apoio, acompañamento fóra do horario lectivo* formamos dous grupos, un con 15 alumnos de 1.º ESO e outro de 10 con alumnado de 2.º e 4.º ESO. Para iso, foron atendidos por catro docentes do propio centro. Contamos, ademais, con transporte as dúas tardes nas que está programada esta actividade. A principal melloría foi sinalada no grupo de 1.º ESO.



Na modalidade *5-Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia* só se inscribiron sete alumnos. Cumpriuse o extenso programa de actividades. Porén, a avaliación nesta convocatoria salienta polas dificultades de cumprir os obxectivos sinalados debido á falta de asistencia dos alumnos e unha actitude pouco participativa co programa establecido. Para o vindeiro curso, tomaranse as medidas necesarias e modificarase no preciso esta modalidade. Si funcionou ben a parte deste contrato referido á convocatoria dos Premios Estudo e Deporte que se van consolidando coma un dos sinais de identidade do centro.




Por primeira vez, levamos a cabo a modalidade *2- Mellora das competencias clave* centrado na competencia matemática cun programa de desenvolvemento centrado no cálculo mental e outras actividades como o Campionato de Polinomios e certames matemáticos.




6. Estimular o emprego do EDI nas Aulas Abalar do primeiro ciclo da ESO.

O Plan de Formación Permanente do Profesorado centrouse na liña de renovación da competencia TIC dos docentes. Realizamos un curso de manexo de lousas dixitais.

② Resultados académicos (xuño, 2014)







③ Rexistro de actividades

Ao longo do curso desde a dirección do efectuáronse e/ou impulsáronse as seguintes acción recollidas nun rexistro de actividades público consonte ao proxecto de dirección presentado polo actual equipo (<https://sites.google.com/site/proxectoiesmugar dos/contexto>)

Contexto socioeconómico

- CENTRO:
 - Mantemento dos prezos da axuda ao transporte nas saídas escolares (3 euros por medio día e 5 euros a xornada).
 - Creación dun grupo de nivel I-II na Educación de Adultos.
 - Continuidade do Programa de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA)
 - Continuidade na Rede de Centros Solidarios de Galicia.
 - O ISEC do centro segundo os datos da Avaliación Diagnóstica baixou por primeira vez a **medio baixo**.
- BOLSAS DE ESTUDOS (Ministerio de Educación)
 - Bacharelato:
- FAMILIAS:
 - Banco de Libros. Memoria
 - Axudas da ANPA
- CONCELLOS
 - Axudas para o ensino e o transporte do **Concello de Mugar dos**. (Ligazón)
 - Comedor Escolar Municipal (CEIP Unión Mugar desa).
 - Axudas do **Concello de Ares** ao transporte do alumnado ao instituto.

Instalacións e dotación material

- Pintura e redistribución da **oficina de administración** e a **Xefatura de Estudos**. (Xullo 2014)
- Pintura parcial da aula 12 e o Salón de Actos. (Xullo, 2014)
- Pintura do teito da aula de Plástica con cargo ao seguro. (Xullo, 2014)
- Pintura do muro dianteiro da entrada. (Xullo, 2014)
- Instalación eléctrica (20 tomas) na aula 5 para a instalación de ordenadores.
- Instalación de cortinas-estores na cafetería. (Xaneiro, 2015)
- Pintura e decoración da porta da biblioteca. (Marzo, 2015).
- Instalación de librerías nas catro aulas de 1.º e 2.º ESO para creación de bibliotecas de aula no curso 2015-2016.
- Pladur no Salón de Actos (a cargo da ANPA) para creación dun espazo de almacenaxe e "camerinos". (Xuño, 2015).

REPARACIÓNS E REVISIÓNS

- Limpeza da cafetería (vernizado da barra...)
- Alicatado en varios puntos.
- Portas de aluminio.
- Cableado do sistema de alarma (COFERSA). Marzo, 2015.

Oferta educativa

- Grupo de 3.º ESO-PDC
- Grupo de I-II ESA con 11 matriculados.
- Dous grupos CUALE (A2 e B1).
- Catro seccións bilingües: Ed. Física en 1.º e 2.º ESO; CCSS en 4.º ESO e Economía (op.) en 1.º BAC
- Preliminares da proposta de implantación dun ciclo de FP. (La Voz-Ferrol)

Alumnado

- **MATRÍCULAS DE HONRA** (2.º Bacharelato)

Alumnas: **Laura Ordóñez** e **Silvia García**

- **PREMIOS**
 - Primeiro Premio Incubadora de Sondaxes e Experimentos (SGAPEIO) na categoría de Bacharelato e representantes de Galicia na fase nacional en Madrid. Título: **Rendemento escolar e conductas de risco Unha investigación en estudantes de secundaria**. Autores: **Marcelo Couce Barbeito, Alba Meizoso Paradela, Martín Pérez Sarmiento e Sergio Vila Plana**. Profesora Covadonga Rodríguez-Moldes. Enlace
 - 1.º Premio Emprende Xove da Asociación Jóvenes Empresarios (AJE) de Ferrolterra na categoría de bacharelato ao proxecto empresarial titulado *Sensateca* presentado polas alumnas **Inés Díaz, Tania García e Natalia Fontán**. Asemade, quedou finalista o proxecto *Traveling Objects* realizado por **Javier Maceiras, Antón Sánchez e Álvaro Romaus**. Profesora: Carmen Meriño.
 - Premio A Voz de Ferrolterra para o alumno **Javier Maceiras**. Enlace.
 - Finalistas no premio de audiovisual escolar OLLOBOI, 2015.
- Participación no **II Encontro da Rede de Centros Escolares Solidarios** (Santiago).
- Participación na **Olimpiada Matemática Galega**. (web)
- Participación no proxecto internacional **Sierpinski carpeat project**. (web)
- Participación no **Canguro matemático**. 24 de marzo. (web)
- Participación no **Parlamento Xove** nas categorías de Bacharelato e ESO. (web)
- Participación no concurso **Novos Talentos de Narrativa Curta** - Coca-Cola. 2.º ESO. En galego.
- Obradoiro TIC e audiovisual impartido pola directora Cristina de la Cruz. Guión e gravación da curta-metraxe *Sen batería* (*Febreiro, 2015*)
- Participación en **Explícoche Matemáticas 2.0**, **Concurso de esopías** e na **Feira Matemática** da Coruña.
- Participación na **VI Olimpiada de Economía**.
- Participación no concurso **OLLOBOI** con vídeo finalista *Sen batería*.
- Participación no **certame de teatro escolar Candilejas**, coa obra *Derrota en Kioto*. Profesora: Ofelia Lubián. Compañía Os dramáticos.
- Participación no **Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos** (SGAPEIO) con dous traballos do alumnado de Métodos Estatísticos e Numéricos.

Profesorado

- **PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO**
PFPP 2014-2015 IES Mugardos

Liña 1: Integración didáctica das TICs.

Curso "Pizarra Dixital" (10 horas)

Grupo de Traballo (25 horas). "As TIC para a Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP)"

- **ERASMUS +**
Ver Aula Virtual

- **Ponencias, conferencias e publicacións**

- **Chelo Gundín**, "Cinco anos na Boca do Lobo" artigo en **Eduga (Revista Galega do Ensino)**, n.º 68 / xullo-décembro 2014.
- **Covadonga Rodríguez-Moldes** e **Olga Fraga**, ponencia nas Xornadas sobre os contratos programa.

Persoal non docente

- Cambio de horario do limpador a media xornada.
- Traslado de **Amador Lamas**.
- Despedida da coidadora **Margarita Nodar**.

Familias. ANPA

- Presentación do curso ás familias [16 de setembro, 2014] Foto
- BANCO DE LIBROS. Memoria do curso anterior
- Recepción titorías-familias. Primeira avaliación e presentación ás familias dos resultados da Avaliación Diagnóstica.
- Enquisa sobre a situación sociolingüística das familias do alumnado.
- BANCO DE LIBROS. Ligazón
- Reunión orientadora coas familias do alumnado de 4.º ESO sobre o ensino posobrigatorio [xuño, 2015].
- **ANPA**
 - Reunións mensuais coa dirección.

Relacións coa contorna

- Participación da Policía Local na vixilancia na entrada do instituto a primeira hora.
- Simulacro de evacuación. coa participación da Policía Local e Protección Civil.
- Participación na campaña Recicla no Nadal da asociación de empresarios de comercio e hostalaría PortoMagno.
- Colaboración co Concello de Mugardos:
 - Exposición Áreas Mariñas Protexidas
 - Campaña de recollida e alimentos polo Nadal "Un alumno, unha lata"

- Gravación do lipdab "Móvetete pola igualdade"
- Charlas de Orientación
- Xurados dos premios literarios
- Premio Estudo e Deporte
- Colaboración con AS.PA.NE.MI para a recollida de tapóns solidarios.
- Colaboración cos club deportivos e asociacións para a organización dos Premios Estudo e Deporte.

Coordinación e planificación docente

- **Calendario de avaliación e reunións.**

Actividades complementarias e extraescolares

CONTRATOS-PROGRAMA

- **Programa de Reforzo, Orientación e Apoio.**
- **Programa de mellora para o éxito escolar.**
- **Mellora da competencia matemática.**

PLANS PROXECTA

- Parlamento Xove.
- Centros Solidarios de Galicia.
- Proxecto Terra
- Deportivo de centro.
- Correspondentes Xuvenís 3.0

Vd. Memoria de vicedirección.

Igualdade de mulleres e homes

- Gravación do vídeo "Móvetete pola igualdade" en colaboración co Concello de Mugaros.

Biblioteca e Plan Lector

- Continuidade no Plan de Mellora
- Plan Anual de Lectura
- Comezo da HORA DE LER
- Clubs de Lectura.
- Enquisa sobre a biblioteca e os servizos bibliotecarios.

- Instalación de librerías nas catro aulas de 1.º e 2.º ESO para creación de bibliotecas de aula no curso 2015-2016.

Normalización Lingüística

- Samaín, concurso de cabazas.
- Agosto.
- Participación no vídeo "Sen batería"
- Obra de teatro "Derrota en Kioto"
- Enquisa sobre a situación sociolingüística da comunidade educativa.

Dinamización de linguas estranxeiras

- Dous grupos CUALE.
 Probas da EOI.
- Programas europeos: ERASMUS +
- Seccións bilingües (1.º, 2.º, 4.º ESO)
 Educación Física (1.º e 2.º ESO)
 Xeografía e Historia (4.º ESO)
 Economía (1.º bac.)
- Auxiliar de conversa: Nadine Gibons

TIC e sistemas informáticos

- Mantemento da páxina web, aula virtual e galería de imaxes do centro.
 Conta **Facebook** e canle **YouTube**:
- Adquisicións:
 - Dous ordenadores para o departamento de Orientación e aula de PT
 - Dúas impresoras
 - Ordenador de conserxaría
- Catálogo de prioridades

Outros

- Contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería.
- Xubilación Teresa Rodríguez, profesora de Física e Química.
- Excursións: Barcelona (4.º ESO), Lisboa (1.º Bac), Guimaraes (2.º ESO).

INFORME DE VICEDIRECCIÓN

As principais funcións encomendadas ao cargo de Vicedirección durante este curso foron catro: a coordinación e organización de actividades extraescolares, o transporte, a organización e xestión económica da excursión de fin de curso de 4º de ESO e o coidado da estética do centro.

1. A COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

O obxectivo neste ámbito será o de continuar a liña dos anos anteriores, caracterizada por un alto grao de participación de profesores e alumnos en programas e actividades e pola colaboración coas institucións locais, impulsando as iniciativas que xurdan neste apartado.

Ademais, para lograr unha maior organización e aproveitamento dos recursos dispoñíbeis se traballará na procura de ofrecer ao profesorado unha visión panorámica da complexa rede de programas e actividades tecidas no centro.

Desglose de obxectivos:

- a.-Impulsar a implicación de alumnado e profesorado nas actividades extraescolares.**
- b.-Optimizar a difusión da rede de actividades do centro.**
- c.-Maximizar o aproveitamento dos recursos dispoñíbeis.**
- d.-Manter a colaboración coas institucións locais.**

a. En canto a implicación do alumnado e profesorado nas actividades mantense a liña de alta participación de anos anteriores debido aos diferentes programas interdisciplinares do Centro (o Plan de Mellora, Proa e os Proxecta) mais as propias dos Departamentos. Destacamos, ademais, o alto grao de implicación de profesores e alumnos nos tres actos preparados durante o curso: os da celebración do SAMAÍN, Os do ENTROIDO (alumnos de todos os niveis, excepto 2º de BAC) e o de FIN DE CURSO, mais a entrega dos premios ESTUDO E DEPORTE.

É conveniente destacar que o alumnado asume tarefas que incrementan a súa competencia TICS e participación: presentación, realización das fotografías, decoración, elaboración de material audiovisual...

PLANS PROXECTA:

Este ano participouse en cinco Plans Proxecta, o mesmo número que o ano pasado, cambiando o Monte Vivo por Correspondentes Xuvenís e o de Aliméntate-ben polo Proxecto Terra.

Rede de Centros Escolares Solidarios. (coordinador: Santiago Cotelo)
Deportivo de Centro. (Juan Arnott)
Parlamento Xove. (Ofelia Lubián)
Correspondentes Xuvenís 3.0 (Ofelia Lubián)
Proxecto Terra (Francisco Canoura)

Valoramos moi positivamente todos estes programas, especialmente a nova incorporación do Terra, e como mellorable o de Correspondentes Xuvenís.

Enlace á listaxe de actividades ordeada cronoloxicamente:

<https://drive.google.com/file/d/0BoD4mUDh6tEMVQzTThfREtIMjA/view?usp=sharing>

b.Optimización da información sobre a rede de actividades do Centro:

Para lograr este obxectivo usamos como medio o calendario exposto na Sala de Profesores, a páxina web do centro, os vídeos de imaxes nos claustros e o taboleiro da entrada do Instituto:

Vídeo: <https://youtu.be/OP8lqo8CoIA>

Mapa das actividades por departamentos:

<http://mind42.com/mindmap/176c8712-f710-4f5f-a541569a125d9460?ref=ae1950ae-caf4-4646-82ee-28da330eee12>

<http://mind42.com/mindmap/ae1950ae-caf4-4646-82ee-28da330eee12>

Taboleiro da entrada:



c.-Maximización e aproveitamento dos recursos dispoñibles:

No referente a este apartado, comezamos pola a elaboración dos decorados do Salón de Actos coa colaboración do Departamento de Tecnoloxía no deseño e execución dunha árbore desmontable e duns paneis de madeira deslizantes.

Tamén debemos mencionar a colaboración dos membros da ANPA que asumiron sen coste para o IES o levantamento dun panel de PLADUR destinado a camerino-almacén no devandito espazo do Centro. Ademais, tamén colaboraron na elaboración das roupas do grupo de teatro, feitas con material recibido da asociación de comerciantes mugar desa PORTOMAGNO a cambio da participación nas actividades de reciclaxe organizadas por eles.

Ademais, retomouse o coidado do xardín circundante coa posta en marcha dunha pequena horta grazas a iniciativa do Departamento de Matemáticas.

En canto ás actividades relacionadas coa excursión de 4º de ESO, queremos destacar a venda de flores de papel coa que recadamos un total de 427 euros cunha inversión practicamente cero.

<https://goo.gl/photos/6iW8rMKQZNkkUWtM6>
<https://goo.gl/photos/A3tRNNuzsBwsRQ8E7>

Por último a reorganización e posta en valor da EXPOSICIÓN DE CUNCHAS cedida polo profesor Edmundo López o pasado ano:



d.-Mantenemento da colaboración coas institucións locais:

Este apartado segue a manterse nun estado óptimo, enumeramos a continuación unha pequena mostra das nosas colaboracións:

-Lip-Dub “Móvetes pola igualdade”, en colaboración co Concello de Mugar dos:

https://youtu.be/HYVEL_gfSFQ

-Exposición “Áreas Mariñas”:

<https://goo.gl/photos/A3ThYj3ZPgD5tAFn6>

-IV Premio Estudo e Deporte, en colaboración co Concello e os clubs deportivos da zona Ares-Mugar dos.

2.-TRANSPORTE

No relativo a este apartado é de destacar a elaboración dun mapa mural con todas as rutas do transporte escolar e as súas paradas, o mantemento da colaboración económica coa ANPA no transporte das actividades extraescolares e a xestión, feita polo Director, das axudas municipais e dos problemas legais relativos ao uso dunha liña de autobús.

No relativo á xestión económica do transporte para as actividades extraescolares, o coste global foi de 2125 euros. (Deste importe hai que excluir as tres grandes excursións, as de Guimaraens, Lisboa e Barcelona. Tamén á do Club de lectura a Santiago e a de teatro de Grego por realizarse a cargo doutros fondos).

Deste importe a ANPA abonou, en concepto de axudas, a cantidade de 830 euros, os alumnos 789 euros, e a Consellería de Traballo 375 euros (o Encontro de Centros Solidarios).

Como dato significativo debemos mencionar que descende o importe abonado polo centro pero aumenta o número de visitas realizadas por nivel, debido a diversos factores.

3.-EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO A BARCELONA

O presuposto global da excursión a Barcelona foi de 9.125 euros. A recaudación global coas actividades organizadas polo centro foi de 812 euros, entre as que mencionamos as vendas de comida de Samaín, Entroido, venta de rosas por San Valentín, tradución de folletos informativos de Denatravel ao galego e venta de rifas. Foron repartidas 400 rifas a cada alumno por un importe de 400 euros e asistiron á mesma 25 alumnos dun total de 33.

O coste total por alumno foi de 365 euros, incluíndo todas as comidas, transporte e actividades como: visita guiada a Barcelona, Park Güell, entradas á Sagrada Familia, ao Camp Nou, Museo Gaudí en Reus, Acuario e un día en Port Aventura.

Consideramos o desenvolvemento desta actividade como moi satisfactoria, tanto pola valoración dos alumnos como polas familias e o profesorado acompañante:

<https://goo.gl/photos/tpUu7Qi8puBN96mX7>

4.-ESTÉTICA DO CENTRO

Neste apartado recollemos a reorganización da exposición de cunchas, o repintado e distribución dos taboleiros e exposición e os cambios acometidos no Salón de Actos.

Mugar dos, 1 de xullo de 2015

Serafín Álvarez Rodríguez
Ofelia Lubián Dubra